

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 8 de febreiro de 2024, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai pública a declaración de impacto ambiental do proxecto da planta de produción de hidróxeno no encoro de Touro, no concello de Vila de Cruces (Pontevedra) (expediente 2024/0016).*

De conformidade co artigo 41.3 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise pública a declaración de impacto ambiental formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 7 de febreiro de 2024, do proxecto da planta de produción de hidróxeno no encoro de Touro, no concello de Vila de Cruces (Pontevedra) promovido por Tasga Renovables, S.L.

A dita declaración poderase consultar na ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2024

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade  
e Cambio Climático

CVE-DOG: bodgh1k6-w0m8-2v06-rd49-8jn26qwtX116

